

Lembranzas para a reflexión

■ Debemos considerar como verdadeiras protagonistas da transición as persoas que loitaron contra a ditadura e en defensa dos dereitos laborais, a risco de seren represaliadas, detidas, torturadas ou mesmo asasinadas. Xan María Castro, ex-secretario xeral do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e actual presidente da Fundación 10 de Marzo, é un deses protagonistas e lémbra-nos como se crearon as CCOO na clandestinidade.



Xan María Castro

Ex-secretario xeral do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Hai poucos días celebrouse a entrega de Premios 10 de Marzo na súa vixésima segunda edición, e cando me dispoño a redactar unhas liñas para lembrar a traxectoria das persoas premiadas e doutros militantes de CCOO hai corenta anos, chégame a noticia do pasamento de Adolfo Suárez. Non podo evitar referirme a tan importante perda, así como lembrar o seu papel nos tempos da chamada transición que, ende ben, desembocaron na conquista da democracia e na súa consolidación coa recuperación das liberdades, as eleccións democráticas celebradas o 15 de xuño de 1977 e a redacción e aprobación da Constitución no ano 1978.

O pasado 15 de marzo, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e a Fundación 10 de Marzo premiabamos a Juan Quirós, Benigno Sánchez, Dionisio Fernández (in memoriam) e Manolo Montero, como recoñecemento a unhas vidas de entrega aos valores da xustiza, da loita polas liberdades e polos dereitos indivi-

duais e colectivos. Estas catro persoas, xunto con moitas outras premiadas ou non premiadas, militantes ou non de CCOO, foron moi valiosas para superar a ditadura e restablecer as liberdades democráticas, articular instrumentos de defensa da clase traballadora, dos seus dereitos e mellorar as condicións laborais para a consecución dunha sociedade máis xusta.

Con motivo do falecemento de Suárez, destácase o seu papel, así como o do rei Xoán Carlos na constitución da España democrática. O que hoxe parece un clamor unánime a prol de Suárez, non era tan claro daquela. Paréceme ben, pois, que se faga xustiza coa súa figura; pero tamén cómpre un recoñecemento dos que, ante a necesidade de superar o enfrontamento das dúas Españas, a guerra civil, representaron un papel fundamental para conseguir o tránsito á democracia e facelo de xeito pacífico: o papel que desempeñaron Santiago Carrillo, Gutiérrez Mellado, o PC, a Unión Militar Democrá-

tica e os militares que, aceptando a Constitución, neutralizaron o intento de golpe de Tejero, Miláns del Bosch e o resto dos golpistas, foi tamén peza clave. Esta necesidade de recoñecemento atañgue tamén o papel, valente e asemade sensato, do movemento sindical no tardofranquismo e na transición, con mención especial ás CCOO.

Comisións foi protagonista, non único pero esencial, nas loitas dos traballadores e traballadoras por mellores salarios e condicións laborais na ditadura e tamén na etapa de transición. Combinou con tino a loita clandestina coa conquista de posicións legais dentro do sindicato vertical, o que permitiu á vez defender os dereitos da clase traballadora e situar o corporativo sindicato vertical diante das súas contradicións, da súa negativa a aceptar a existencia de intereses contrapostos entre a clase traballadora e a empresarial, que facía necesaria a legalización do sindicalismo de clase.

Comisións definíase na época da clandestinidade como un movemento sociopolítico que pretendía a defensa dos intereses inmediatos dos traballadores e as traballadoras combinándoa cos obxectivos estratéxicos de liquidación da ditadura franquista, establecemento das liberdades democráticas e construción dun Estado social e democrático de dereito e descentralizado, cos sindicatos de clase legalizados.

Aberto o período de transición, cumpría evitar o «franquismo sen Franco». Para iso, CCOO intensificou a loita, conseguindo un ambiente de protesta e rei-

vindicación que contribuíu a establecer unha unidade ampla non só co conxunto das forzas políticas e sociais da oposición, senón cos propios evolucionistas do réxime, que tiveron que ceder e aceptar a legalización de todos os partidos e centrais sindicais.

A combinación de potencial militante con sensatez concrétese en CCOO na capacidade de mobilización e negociación, na resposta dada a actuacións dos ultras do franquismo. Son exemplo desa sensatez a reacción á provocación que constituíu o asasinato dos avogados de Atocha e a resposta cidadá cunha enorme e pacífica manifestación, que sería o preludio da legalización do PCE o 9 de abril de 1977. Algo máis tarde, e case coincidindo coas primeiras eleccións democráticas do 15 de xuño, son legalizadas as organizacións sindicais, entre elas a nosa, CCOO.

Antes, no verán de 1976, o Goberno de Arias Navarro prohibíranos levar a cabo unha asemblea legal de CCOO. Ao cabo celebrámola en Cataluña: foi a chamada Asemblea de Barcelona, onde decidíamos –ante a imposibilidade de formar un sindicato unitario pola posición da UGT– camiñar cara á nosa estruturação como sindicato de novo tipo. Emitíronse bonos de adhesión a CCOO e, máis tarde, a finais do ano 1976, abríronse locais de atención aos traballadores e traballadoras –a nome de «particulares», aínda non eramos legais–, emitíronse carnés e comezouse a afiliar e a cobrar cotas. Nació o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, nació a Confederación Sindical de CCOO.